

Por resolución da xerencia do 4 de maio de 2023 (DOG do 24 de maio) convocouse concurso de méritos específico para a provisión de postos de traballo vacantes no cadro de persoal funcionario de administración e servizos da Universidade de Santiago de Compostela na área de Arquivos e Bibliotecas, correspondentes aos subgrupos A1, A2 e C1.

O día 12 de xuño de 2023 publicouse no taboleiro electrónico da USC a lista provisional de admitidos, non habendo persoas excluídas. Rematado o prazo de presentación de reclamacións á lista provisional sen que se tivese presentado ningunha, o xerente, no exercicio das competencias delegadas que se lle recoñecen por resolución reitoral do 30 de abril de 2020 (DOG do 11 de maio), resolve:

Elevar a definitiva a lista provisional.

Contra esta resolución poderase interpor un recurso de reposición perante o xerente no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, ao abeiro dos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela,  
O xerente  
Antonio Javier Ferreira Fernández

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer:** ANTONIO JAVIER FERREIRA FERNANDEZ, XERENTE, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 14/09/2023 12:03:24.

**CSV:** EFC9-245E-439D-907D